



Anuncio de convocatoria e bases do Premio Antón Losada Diéguez na súa XXXVI Edición

Extracto das Bases e convocatoria das do Premio Antón Losada Diéguez na súa XXXVIII Edición. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto das bases e convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

1. Obxecto

Os concellos do Carballiño e Boborás, ámbolos dous de Ourense, contando coa colaboración económica da Excm. Deputación Provincial de Ourense, convocan o premio anual “Antón Losada Diéguez” (...)

2. Beneficiarios

- A participación estará aberta a todos os autores ou autoras que se axusten aos requisitos expostos nestas bases e especialmente os seguintes:
- A lingua na que se editen as obras será a propia do orixinal, que inexcusablemente estará escrito en lingua galega. Non será considerado ningún tipo de obras traducidas de orixinais publicados inicialmente en calquera outra lingua. (...)

3. Crédito

Consistirá o devandito premio na dotación dunha cantidade total de DOCE MIL EUROS (12.000 €) para premiar dúas obras xa publicadas, unha delas no eido da CREACIÓN LITERARIA e a outra no eido da INVESTIGACIÓN E ENSAIO, con cargo á partida de orzamentos 3341146200. Cada unha das obras será premiada coa cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000 €).

4. Prazo

O prazo de presentación das obras será dende o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP e ata o día 31 de xaneiro do 2023.

5. Procedemento de concesión e entrega do Premio

O procedemento de concesión será de concorrencia competitiva.

A entrega oficial do premio “Antón Losada Diéguez” na súa trixésima oitava edición, aos autores ou autoras das obras premiadas (creación literaria e Investigación e ensaio), farase o día 17 de xuño de 2022, e terá lugar no transcurso dun acto literario que se celebrará no PAZO DE MOLDES, do Concello de Boborás, onde naceu e viviu o ilustre Antón Losada Diéguez.

O Carballiño, en data de sinatura electrónica
O alcalde

